

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Urbanismo. Sección de Planeamento e Xestión

Anuncio de información pública do proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela (estación de ferrocarril - estación de autobuses - pasarela peonil de conexión)

Con data 14 de marzo de 2017 a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia presentou no Concello de Santiago o Proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela (estación de ferrocarril - estación de autobuses - pasarela peonil de conexión), acompañado do acordo de inicio da súa tramitación a través do procedemento regulado pola Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

En cumprimento do disposto polo apartado 4 do artigo único da citada Lei 3/2016, o proxecto sométese a información pública durante o prazo de vinte días, mediante anuncios que a tal fin se publicarán no Boletín Oficial da Provincia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

En consecuencia, durante o prazo de vinte días soltos (excluídos sábados, domingos e festivos), contado a partires do día seguinte ao da última publicación que se efectúe do presente anuncio, os cidadáns poderán consultar o proxecto e formular as alegacións que estimen oportunas.

A documentación sometida a exposición pública poderá consultarse no Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística do Concello de Santiago (Pazo de Raxoi, 2.º andar), de luns a venres, en horario de 9 a 14 horas; e na páxina web do Concello <http://transparencia.santiagodecompostela.gal/planeamento-en-tramitacion/>.

De conformidade co disposto polo apartado 7 do artigo único da Lei 3/2016, anteriormente citada, a aprobación do proxecto polo Consello da Xunta de Galicia conlevará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados, aos fins de expropiación ou imposición de servidumes, correspondendo ao Concello de Santiago a condición de administración expropiante e beneficiaria das expropiacións que resulten precisas para executar o proxecto.

A tal fin, publícase deseguido a relación de parcelas catastrais incluídas no ámbito do proxecto, podendo os interesados, durante o prazo de vinte días, formular as alegacións que estimen oportunas sobre a necesidade de ocupación dos seus bens e dereitos afectados:

Referencia catastral	Propietario
736790NH3476G0001DM	ADIF
7465102NH3476E0001KT	Concello de Santiago
7465103NH3476E0001RT	Concello de Santiago
7465159NH3476E0000RR	Mª Domíngua Cepeda Vidal
7465160NH3476E0001PT	Manuela Pereira Muñín
7465187NH3476E0001GT	En investigación. Artigo 47 Lei 33/2003
7465188NH3476E0001QT	En investigación. Artigo 47 Lei 33/2003

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2017.

O alcalde

PD. DEC/3997/2015 do 16 de xuño de 2015

O concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade

Asdo.: Jorge Duarte Vázquez

2017/2463